

Na memoria de Rosalía

► A Asociación de Escritores en Lingua Galega reclama a creación do Instituto Rosalía de Castro no 173 aniversario do nacemento da autora

ANA LÓPEZ

✉ alopez@diariodepontevedra.es

PONTEVEDRA. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou onte os 173 anos do nacemento da escritora Rosalía de Castro cunha serie de actos simultáneos que tiveron lugar en seis das sete grandes cidades de Galicia, entre elas Pontevedra.

A homenaxe consistiu na lectura dun manifesto común por parte de recoñecidos escritores como Manuel Rivas, Xavier Seoane, Luz Pozo, Antía Otero, Antonio Reigosa, Marilar Aleixandre e Agustín Fernández Paz, entre outros. No caso de Pontevedra, o texto foi lido polo autor Luís Rei Núñez.

«Nela e con ela lembramos non só unha personalidade altísima das nosas letras, senón a muller que alargou ata o infinito o campo da literatura e da cultura galegas», asegurou Rei, quen se referiu a Rosalía de Castro como «a poeta fundadora da literatura galega contemporánea».

DEFENSA DO GALEGO. O manifesto serviu para facer unha clara defensa da lingua galega, que na opinión da AELG está a vivir «días escuros» por culpa de «aqueles que, amparados hoxe no mandato estatutario que lles foi outorgado para promoveren a cultura galega e defendela fronte ás agresións, utilízano contra todo o que ti significas, minusvalorando a heranza».

Na mesma liña, a asociación denunciou a través do seu texto que «os que hoxe nos negan (...) son da estirpe dos que te alcumaron de chorona, mixiriqueira e trastornada por sombras de incerteza». «Soubeches ser quen eras e defendéchelo con orgullo dunha voz pública propia e sen medo a non ser entendida ou a seres negada», subliñou a AELG.



Luís Rei Núñez lendo o manifesto e público asistente ao acto. ROSA GONZÁLEZ

Así mesmo, a organización aproveitou a ocasión para demandar ao goberno da Xunta de Galicia a acreación do Instituto Rosalía de Castro para «dar ao mundo a imaxe real dun pobo cunha cultura milenara e unha lingua orgullosas de seu».

O acto de onte, que estaba previsto que se celebrase a carón da

estatua de Castelao nas inmediacións do Museo de Pontevedra, tivo que trasladarse aos soportais do edificio Fernández López debido á choiva.

Ademais de Luís Rei, portavoz neste caso da AELG, asistiron, entre outros, a escritora Fina Casalderrey e o concelleiro de Accesibilidade, Luís Bará.